

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

3515 *Real decreto 193/2010, do 26 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 227/1981, do 23 de xaneiro, sobre sistemas de pagamento dos haberes de clases pasivas do Estado.*

O Real decreto 227/1981, do 23 de xaneiro, sobre sistemas de pagamento dos haberes de clases pasivas do Estado, establece, como procedemento de pagamento das pensións de clases pasivas, o cheque nominativo, o talón expedido contra unha conta corrente de «fondos en firme», o aboamento a conta restrinxida, a transferencia a conta corrente ou cartilla ordinaria a nome do pensionista, individual ou indistintamente con outras persoas, e o pagamento a través de habilitado de clases pasivas.

A regulación contida no citado real decreto deu resposta, no seu momento, a distintas situacións en que o pagamento das pensións e doutras prestacións periódicas de clases pasivas requiría a intervención nese labor doutras entidades ou axentes distintos ás entidades financeiras, situacións que hoxe xa non se producen á vista da actual implantación e desenvolvemento a nivel nacional que experimentaron estas últimas.

Por tanto, os cambios operados no funcionamento da Administración, que se traduciron nun importante avance e mellora nos sistemas de información, atención ao público e informatización de procedementos, unido á extensión e interconexión da rede de oficinas bancarias en todo o territorio nacional, así como a evolución da normativa vixente ao longo dos 28 anos transcorridos desde a aprobación do Real decreto 227/1981, do 23 de xaneiro, aconsellan acomodar á legalidade vixente a actual regulamentación sobre sistemas de pagamento dos haberes de clases pasivas do Estado. Esta modificación enmárcase no espírito da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos servizos no mercado interior, incorporada ao ordenamento interno español pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Tales circunstancias determinan a procedencia de establecer como forma de pagamento das prestacións do sistema de clases pasivas a transferencia á conta aberta en entidades financeiras, modificando o Real decreto 227/1981, do 23 de xaneiro, sobre sistemas de pagamento dos haberes de clases pasivas.

Este cambio normativo non supón, en ningún caso, un menoscabo dos dereitos dos beneficiarios das prestacións de clases pasivas nas súas relacións coa Administración ao seren titulares dos dereitos que, con carácter xeral, se regulan no título IV da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a normativa de desenvolvemento. Por outro lado, os significativos avances producidos no ámbito da Administración electrónica fan posible un achegamento cada vez maior da Administración aos cidadáns, o que permite unha importante mellora na axilidade, eficacia e transparencia das súas actuacións.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 227/1981, do 23 de xaneiro, sobre sistemas de pagamento dos haberes de clases pasivas do Estado.*

O Real decreto 227/1981, do 23 de xaneiro, sobre sistemas de pagamento dos haberes de clases pasivas do Estado, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado nos seguintes termos:

«O pagamento de haberes de clases pasivas do Estado realizarase unicamente mediante transferencia á conta corrente ou cartilla ordinaria aberta que o pensionista designe e que estea ao seu nome, individual ou indistintamente con outras persoas, nunha entidade inscrita no Rexistro de Bancos e Banqueiros ou Caixas de Aforro e outras Entidades Financeiras a cargo do Banco de España, de acordo co artigo 53.2 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.»

Dous. O artigo 4 queda redactado nos seguintes termos.

«Esténdese aos pensionistas familiares –viúvas, orfos ou pais dos causantes–, para o pagamento dos haberes de clases pasivas do Estado e as súas remuneracións complementarias –placas, cruces, axuda familiar, etc.–, o procedemento de transferencia á conta corrente ou cartilla ordinaria aberta nas entidades financeiras a que se refire o artigo 2.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desagregación de transferencias.*

Respecto das prestacións de clases pasivas solicitadas antes da entrada en vigor deste real decreto, os habilitados de clases pasivas estarán obrigados a aboar ao seu mandante, xa sexa mediante transferencia bancaria ou mediante cheque, o importe íntegro da pensión ou pensións de clases pasivas que lle fose pagado pola Administración, sen practicar dedución ningunha. As comisións, gastos de xestión ou impostos derivados do exercicio da actividade profesional que repercuta no seu cliente deberanos cobrar de forma separada.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día un de abril de 2010 e será de aplicación ás prestacións que se soliciten a partir desa data.

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ